

C.E.I.P. de Lourido – PRESENTACIÓN DA ASIGNATURA

Materia	LINGUA CASTELÁ	Páx.	
Curso / Ciclo	2º curso de Educación Primaria		
Profesor/a	Carmen Leal Santamaría		

CONTIDOS

-Afianzamento do proceso lecto-escritor.
-Lectura comprensiva de textos axeitados
-Escritura de contos, diálogos e textos breves.
- O abecedario: formación de palabras, separación en sílabas, orden alfabético
-Os nomes comúns e propios. O xénero e o número
Formación de palabras: aumentativos, diminutivos, familias...
-O artigo, o adxectivo
-O verbo: presente, pasado, futuro.
-A oración. O suxeito e o predicado
Dominio de certas normas ortográficas (uso de mayúsculas, -mp-, -mb-)
-Uso do punto, da coma e dos signos de interrogación e exclamación..
-O suxeito e o predicado.
-Valoración da linguaxe oral como medio de relación e da linguaxe escrita como código comunicativo.
-Valoración da claridade e da orde na expresión.

OBXECTIVOS

-Comprender textos axeitados a idade.
-Comprender e utilizar axeitadamente o vocabulario.
-Ler e escribir con certa corrección diversos tipos de textos: descripcións, narracións, diálogos, etc
-Expresarse por escrito dominando a ortografía básica.
-Utilizar a linguaxe como instrumento de aprendizaxe para memorizar, anotar, preguntar, comprender e repostar.
-Utilizar de forma habitual os libros como medio de diversión e disfrute.
-Manipular a linguaxe oral e escrita de maneira simple: transformar oracións, substituír por sinónimos, ordenar frases, recoñecer as palabras que indican accións, substantivos, cualidades (adxectivos)...
-Ler textos coa articulación, o ritmo, a fluidez, a expresividade e a seguridade necesarias e ser capaz de extraer algunha información específica: identificar personaxes, explicar o argumento, etc

METODOLOXÍA

Será activa, participativa e globalizadora; partir do que xa saben para chegar a novos coñecementos favorecendo as actitudes de respecto e colaboración cos seus compañeiros e o interese por aprender.

CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

-A avaliación continua terá un momento inicial, unha continuidade e un momento final.
-Os instrumentos a utilizar: a observación directa do traballo diario na clase (seguimento do libro, cadernos, fichas e outras actividades realizadas)
-Tamén valorarei a actitude dos alumnos/as durante as sesións diarias.